Concello de Muros

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

BASES DO PROGRAMA CONCILIA NADAL 2026/2027 ORGANIZADO POLO CONCELLO DE MUROS

Artigo 1. SOLICITUDE E PRAZO

A solicitude de preinscrición realizarase mediante o formulario habilitado para tal efecto, que deberá presentarse a través do rexistro da sede electrónica municipal (sede.muros.gal) ou nos rexistros de calquera administración pública adherida á plataforma de intercambio rexistral (SIR).

1.1. O prazo de solicitude de inscrición establécese do seguinte xeito:

- Solicitude de preinscrición: das 8:30 h do 16 de novembro ata as 14:00 h do 27 de novembro.
- O horario de presentación das solicitudes de xeito presencial no rexistro municipal será de 9:00 h a 14:00 h.
- Sorteo público: o 3 de decembro ás 10:00 h (en presenza da Secretaría municipal no suposto de que o número de solicitudes supere ao número de prazas dispoñibles).

1.2. Tipos de solicitude:

- Poderá presentarse unha solicitude individual ou múltiple para o suposto de irmáns/ás.

Como cubrir a solicitude:

- A persoa solicitante será a nai, o pai ou a persoa titora legal.
- As persoas participantes serán os nenos e as nenas.
- No caso das solicitudes múltiples, deberanse cubrir os datos de todos os irmáns ou irmás que soliciten participar, que serán as persoas participantes.
- A presentación da solicitude implica a aceptación das normas do procedemento.
- As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica, a través do formulario dispoñible na seguinte ligazón:

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Artigo 2. PUBLICACIÓN DAS LISTAS PROVISIONAIS E DEFINITIVAS DE PERSOAS ADMITIDAS

Para os efectos de información e, se é o caso, presentación de reclamacións, realizaranse as seguintes publicacións:

- Lista provisional de persoas admitidas: publicarase o 9 de decembro. Abrirase un prazo de dous días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación, para presentar alegacións.
- Lista definitiva de persoas admitidas: publicarase o 14 de decembro.

Ambas as listas publicaranse na páxina web municipal e na sede electrónica do Concello de Muros.

CVD: tNm9KK3Iis/5AQf5kgE/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Concello de Muros
Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

No caso de que o número de solicitudes presentadas non supere o número de prazas dispoñibles, publicarase directamente a lista definitiva de persoas admitidas o 9 de decembro, sen necesidade de publicar unha lista provisional.

Artigo 3. ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

3.1. A adxudicación das prazas pode ser:

- Adxudicación directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.
- Se o número de prazas solicitadas supera o de prazas ofertadas, a adxudicación realizarase mediante sorteo público, no que se seguirán as prioridades establecidas nestas bases.
- Mediante este sorteo tamén se elaborará unha lista de agarda para cada unha das quendas programadas.
- A praza deberá aceptarse e a documentación requirida (artigo 5.2) deberá presentarse no prazo máximo de dous días hábiles desde a publicación da lista definitiva de persoas admitidas. De non facelo, a persoa interesada quedará excluída.
- As vacantes que se produzan ofreceranse ás persoas solicitantes seguindo a orde da lista de agarda. Realizaranse tres chamadas, entre as 9.00 h e as 14.00 h, aos números de teléfono facilitados na solicitude. Se a persoa interesada non responde no prazo de 24 horas, daráselle de baixa e chamarase á seguinte da lista.
- Unha vez esgotada a lista de agarda ou no caso de que non existan persoas solicitantes nela para cubrir as vacantes dispoñibles, estas poderán ofertarse a novas persoas interesadas, mesmo fóra do prazo ordinario de solicitude, seguindo a orde de entrada das solicitudes no Concello de Muros e ata completar o número de prazas ofertadas. A incorporación de novas persoas estará condicionada á dispoñibilidade de prazas e ao cumprimento das ratios de atención establecidas no Decreto 115/2026, do 13 de outubro, polo que se desenvolve o título II da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.

3.2. Establécense as seguintes prioridades:

1ª Nenos/as empadroados/as con proxenitores traballando en horario de mañá:

Terán prioridade os nenos e as nenas empadroados/as no Concello de Muros con anterioridade á aprobación destas bases, cuxos dous proxenitores ou, no caso de familias monoparentais ou monomarentais, a persoa proxenitora teñan unha relación laboral vixente en horario de mañá.

2ª Nenos/as empadroados/as no Concello de Muros:

A continuación, priorizaranse os nenos e as nenas empadroados/as no Concello de Muros con anterioridade á aprobación destas bases.

3ª Nenos/as non empadroados/as con proxenitores traballando en horario de mañá:

CVD: tNm9KK3Iis/5AQf5kgE/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Concello de Muros
Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

De non cubrirse todas as prazas con nenos e nenas empadroados/as, priorizaranse os non empadroados/as cuxos dous proxenitores ou, no caso de familias monoparentais ou monomarentais, a persoa proxenitora teñan unha relación laboral vixente en horario de mañá.

4ª Nenos/as non empadroados/as no Concello de Muros:

En último lugar, poderán acceder ás prazas os nenos e as nenas non empadroados/as no Concello de Muros que non cumpran os criterios anteriores.

3.3. No caso de que se presenten solicitudes por parte de diferentes persoas solicitantes nas que coincidan algunhas ou todas as persoas participantes, as solicitudes serán anuladas automaticamente.

Artigo 4. IDADES, DATAS E HORARIOS

4.1. Idades

- Nenos e nenas nados/as nos anos 2023, 2022, 2021, 2020, 2019, 2018, 2017, 2016, 2015 e 2014.

4.2. Número de prazas por quenda: 30

4.3. As quendas establécense do seguinte xeito:

- 22, 23, 24, 28, 29, 30 e 31 de decembro e 4, 5 e 7 de xaneiro na antiga EEI de Muros
- 22, 23, 24, 28, 29, 30 e 31 de decembro e 4, 5 e 7 de xaneiro na antiga EEI de Tal de Abaixo.

4.4. Horario:

- Entrada: de 9:00 h a 9:15 h
- Saída: de 13:30 h a 14:00 h

A actividade desenvolverase de luns a venres, na quenda que corresponda. Non haberá actividade os días festivos.

4.5. Lugares:

- Muros: EEI de Muros
- Tal: EEI Tal de Abaixo

Artigo 5. REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

5.1. Para poder asistir aos Programa é preciso:

- Nacer nalgún dos anos correspondentes.

5.2. Documentación:

- Será requirida, unha vez sexa concedida a praza, a seguinte documentación:
    - Libro de familia e DNI do pai, da nai ou do/a titor/a

CVD: tNm9KK3Iis/5AQf5kgE/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Concello de Muros
Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- Tarxeta sanitaria
- Informe de vida laboral dos dous proxenitores ou, no caso de familias monoparentais ou monomarentais, da persoa proxenitora.
- No caso de persoas con discapacidade, deberá presentarse un certificado acreditativo do grao de discapacidade.

- Se esta documentación xa foi presentada ao Concello de Muros no Programa Concilia Verán 2026, non será necesario entregala novamente, agás a vida laboral, que deberá ser actualizada.
- A documentación complementaria para a adxudicación deberá presentarse por vía electrónica ou presencialmente no rexistro municipal.
- De non presentarse no prazo de dous días hábiles desde a publicación da lista de persoas admitidas, a persoa interesada quedará excluída.

5.3. No caso de que o/a menor presente algunha necesidade especial, alerxia, intolerancia ou patoloxía relevante, deberá facerse constar na solicitude de participación.

Artigo 6. OBRIGACIÓNS

As persoas beneficiarias das prazas están obrigadas a:

- Respectar os horarios establecidos.
- Non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable.
- Respectar as normas establecidas polo monitorado, as normas de réxime interior das respectivas instalacións e as medidas persoais de hixiene e sanitarias.
- Comunicar expresamente calquera necesidade especial, alerxia, intolerancia alimentaria ou patoloxía relevante do/da menor que poida afectar á súa participación na actividade e facilitar, se é o caso, a información necesaria sobre o protocolo de actuación e a medicación que deba administrarse en caso de urxencia.
- No caso de incomparecencia ou de faltas de asistencia habituais sen xustificación, a persoa beneficiaria poderá ser penalizada nas seguintes actividades de características similares (programas de primavera, verán, etc.).

Artigo 7. EQUIPO RECOMENDADO

- Equipamento deportivo: suadoiro, camiseta deportiva e calzado cómodo.
- Mochila pequena.
- Botella de auga e unha pequena merenda para a media mañá.

CVD: tNm9KK3Iis/5AQf5kgE/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Concello de Muros

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Artigo 8. INFORMACIÓN

Para obter máis información, as persoas interesadas poden dirixirse a:

- Departamento de Servizos Sociais do Concello de Muros: 981 762 465
- Oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros: 981 762 294

Na páxina web www.muros.gal

CVD: tNm9KK3Iis/5AQf5kgE/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/